



Estimadas familias como xa sabedes comezamos un novo curso o mércores 11 de setembro. Esta será a organización para os primeiros días:

EDUCACIÓN INFANTIL

- En educación infantil os nenos e nenas de 3 anos primeiramente terán o seu período de adaptación, a partir do mércores día 18 xa comezarán a vir no seu horario habitual. Ás 9 da mañá farán unha fila preto da porta pequena esperando a que a súa titora os recolla.
- O alumnado de 4 anos empezará co seu horario habitual o día 11 de setembro, pero durante a primeira semana farán unha fila preto da porta pequena para esperar a súa titora. A partir do luns 16 xa entrarán sos pola porta pequena.
- O alumnado de 5 anos xa comezará o mércores 11 de setembro a entrar de maneira autónoma a súas aulas ás 9 da mañá o profesorado o esperará nas aulas.

A saída de infantil será polo patio de infantil en orde ascendente dende a 13:50.

EDUCACIÓN PRIMARIA

- Os mais pequenos/as de primaria (1º) comezarán o mércores 11 de setembro realizando unha fila por aula no patio cuberto preto da porta principal de acceso ao centro, ata que ás titoras os recollan. Isto repetirase durante toda a semana. A partir do luns 16 xa entrarán de forma autónoma cando soe ou timbre.

A recollida do alumnado de primeiro de primaria será pola porta pequena ás 13:55.

- O alumnado de 2º de primaria tamén realizará a fila no patio cuberto só o primeiro día, a partir do xoves entrarán de forma autónoma as súas aulas.
- Os alumnos e alumnas de 3º e 5º de primaria tamén farán unha fila por aula esperando as súas titoras pero só será o primeiro día o resto da semana xa entrarán sos cando soe ou timbre.
- Ou alumnado de 4º e 6º entrarán sos e irán as mesmas aulas do ano pasado.

A entrega dos alumnos/as dende 2º a 6º de primaria farase de forma graduada e pola porta principal.

Grazas

A dirección